

# GALICIA

Un neno era que soñaba atrapado entre as veas dunha lesma  
chamada Galicia, e cando tiña frío cubríase coa pel dun largarto arnal.  
Hai un país, íntimo e ferinte, país que nos cicelou as chagas  
entre néboas difusas e ilusorias. Corpo estrábico,  
lugar das vísceras onde se escoitan líquidos amargos;  
el definiunos, moldeounos, co seu ubre milenario  
de dolmens de esparto, foi catecismo, dogma e acto de fe,  
foi o noso revulsivo, o peliqueiro que abría o seu estómago  
contra o mar. Nós somos el. El é nós e non é nada. País chamado  
Galicia, cemento fresco, longa lingua de caolín: hoxe esconxurámoste.  
E, ademais, cuspimos sobre ti, como vellos amantes,  
con esa forza irredenta que dan os anos e a paciencia.  
Terra vella, absurdo tangaraña tecida en arañeira,  
que vivimos en ti e só por iso non nos deixas ser normais,  
terra sorgona, terra desangrada e inútil, asumimos que  
as nosas veas miñotas non nos queren divorciar da túa sombra.  
Así que resistimos na úlcera, que é morada, neste enigmático país  
onde os sobacos agochan enseadas de augas que varren a memoria.  
Supuras humidade para encirrar o neno que fai barcos coas follas  
das verzas que o vento acaricia porque a Galicia xa está chegando.  
Só a través dunha pel como a túa podía cruzarse o río esquecemento,  
esa liña limia que te violenta no íntimo das noites pechas, terra.  
Aprendémoste nos tópicos, terra, amámoste en breogán e en maeloc,  
nos mitos e nos fracasos, e máis tarde aí quixemos matarte, vella,  
terrona que deitas pus na túa adicción á fatalidade, na túa vontade  
minifundista, periférico país rico que sufriches na túa carne as viúvas  
dos vivos. Galicia, puta resabida, irredenta en prisciliano,  
que asustaches os romanos cun solpor de latón, rétasnos  
e fas que a diario nos midamos na túa galegonía.

Es teimudo, lesma, perfórasnos os nervios; e aínda así confesamos que te sentimos no mar, cando o teu salitre nos masturba. Galicia, garrafa fendida, romántica en vicetto, maternal en risco e en otero, vigorosa en casal e castelao, irrecoñecible nos que te gobernan, potra castrada; aínda barcas novas has labrar, e espetarás filloas de sangue contra as gaitas sen punteiro.

Medrámoste na túa propia perversidade, contradictos e diminutos, nos lumes que te arrasan, imprudente penélope, e suicidámonos en ti, no teu proceso destructoconvulsivo; arrenegámoste e ás veces devecemos por fuxir tras os pasos do frautista de Hamelin.

Invocamos todas as figas de auga, meiga, a calor das burgas, as cores do pindo e do ézaro, e que vigostreet recite a meendiño nalgún vidro da ría. País de lura lúa, que ceiba tinta e avanza a tentas, se cadra un novo neno, unha nena, xa te imaxina estreñida e rugosa, pero, para sorte túa, intúente con devoción no tacto quente da túa carne cosonga, como na vixilia dos elefantes, evitando que apodrezas na procura do elixir da eterna xuventude. Vécete, vella, escarva a terra, fedella, roña, brúa, electrocútanos cun lóstrego azul ou revívenos eternamente.

Insúltanos, terra, porque non nos gusta a palabra patria, especúlanos, libérate, diminuta mamasunción, eterno país de voluntarios, desunidos e crepusculares, que te recoñeces nas pernas de bambú das túas mariscadoras, territorio sen plasma, insegura reserva comanche onde a clase media foi acusada de egoísmo, nación que perdiches a fe en ti mesma, miseria cafofa que provoca enfermidade da alma, Galicia, traíña atlántica que pesca no índico e no ártico, merdenta, vomita sobre os eucaliptos a bile que te acomplexa na inferioridade, xeme sen medo, copula, proxéctate bravú no nervio e na tractorada, nas cidades de aceite.

Pouco nos importa o teu estado, aínda que a preñez apuntase solucións; abondaría con que aprendeses a ser a madriña de brancaneves. Espreguízate, levas sangue de corvo, almibarado nas túas veas resesas, vella, e as espullas de pedramol cómenche o corpo

por moito que nas festas patronais lances os foguetes contra os deuses.  
Segues estarricada na montaña máxica, despoboado, envellecida, tolleito, infinda  
veiga de leite, fuches diagnosticada e practicáronche unha lobotomía,  
terra, fosilizada nas autoestradas suízas, chorosa en Lausana,  
que limitas ao sur cun arrabaldo de Bos Aires, diluída en chamas, país  
das cinco mil toneladas, Galicia receoso e desconfiada, xa quebrou o negocio  
/da saudade.

Mírate en cesantes, recreáte en camelle e antela, no berbés, e afirmate  
cando rachas as portelas do home, vaíamos irmá, vaíamos mirarnos  
nos relampos do asfalto, chan de sardiña, preamar atlántica, e  
que fuxan os ventos e o sal limpe o val miñor; non te aflixas tristemente,  
tristemente portugal vírache as costas, referente empobrecido, mesmo para si;  
olla, dicímosche que gardas os toletes en punta do sol; olla, agáchate  
tras os montes e sópralles con forza, miño ribeirán, escoita como canta  
o galo de barcelos e non escorregues sobre a túa propia identidade.  
Aprende a convivir na talolinga, fai dela unha poción, esnaquiza  
os pazos encantados, carabela de xeada que disque nas entrañas  
verdes náufragos de pé. Queremos sentir a túa epiderme de magdalena,  
menstruando, Galicia cafusa, pedramarrada, liquida as neuroses  
coas que pendes do incerto, trapiche vello, negra orballo, velaíña,  
pantasma, roncón dun norte pimentel, que os cabalos brancos  
que se enxergan entre a néboa non te asusten cos seus lombos de nácar.  
Entre as cruces de pedra unha hai onde medra a caramiña; esa  
é a que vale, que a súa semente nos leve a concarneau, cacimbo gris  
que alerta a madrugada. Abre os teus pulmóns, inflama os bronquiolos,  
cisma os alvéolos e éncheos de xel, ponos a remollo nun culeiro e  
conxura o futuro contra o vómito amarelo. Ese neno que soñaba non sabe  
enredar no estrume, vella, está a debuxar círculos concéntricos nos ollos  
dun bestelleiro e sorrí coma un lucicú na escuridade. Non podemos  
esgotarnos porque non sabemos o prezo da suor nun país de voluntarios,  
terrona, apaga esta loucura, desconecta o seu magnetismo e deixa

que se estrague a derradeira pinga de neurose. O sol cega  
sobre unha estela sabarís da cor do sebo e, cando cae a noite,  
a lama que destilan as túas coxas esváese nunha ardora  
con sitalapa, esa fría auga das estrelas que nos devolve á realidade.  
Sabemos que sucede cando o corazón dun país rompe, esa  
danza dos deuses, ese desamparo, exorcizar o serembé, perverter  
os tendóns, Galicia atragoada nunha voz anaquira, fragosa, pequeno colibrí.  
Terra, eterna vella adolescente, europea en nós por Nós, cosmopolita,  
pronúnciate no mundo, mondoñedo xa pasou, e somos ti porque somos  
parte da túa historia, querémoste bravú e arroutada, rebelde e subversiva,  
moza, clandestínate, faite chinés, pronúnciate namibiana, de laponia, de  
nunca xamais, centrifuga, solta amarras, e navega maradentro, velarízate  
nas linguas africanas. Busca o teu lugar, atópao e peléxao  
neste mundo global que nos uniformiza os sentidos, recreáte camiño das estrelas  
que son o teu designio, o teu destino, lesmiña, bolboreta miúdo,  
rebélate crisálida, ti non es a terra que produce ao ano xustos doce meses  
e tres mil romerías de San Roque. Móstranos as túas nádegas mornas  
e consigue, sobre todo, que un día logremos esquecerte. Ese día serás ti.  
Erotízate nos soutos, exacula connosco, pequena peter pan,  
e leveda como a masa da empanada para sentirnos respirar.  
Porque camiñamos contigo.

[FRAN ALONSO](#)

Poema extraído do libro [Subversións](#) (Xerais, 2001).